

ACTA NÚM. 2/2019.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 13 DE MARZO DE 2019.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 13 de marzo de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN. (PSG-PSOE).

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE).

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA. (PSG-PSOE).

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE).

FRANCISCO JAVIER BLANCO SÁNCHEZ. (PSG-PSOE).

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE).

MARÍA DEL CARMEN REY TÚÑEZ. (PSG-PSOE).

JOSÉ DAVID GARCÍA ARCOS. (PP).

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP).

XESÚS PENA ESPÍÑA. (concelleiro non adscrito).

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL. (BNG).

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello BEATRIZ LÓPEZ DE CASTRO GARCÍA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.02.2019.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2019 E CADRO DE PERSOAL.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 20.02.2019.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión núm. 1/2019, do 20.02.2019.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos trece membros presentes acorda a súa aprobación.

2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN Á INICIATIVA EUROPEA DO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 01.03.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, en sesión do 12.03.2019, que transcrita di:

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO₂ a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO₂ no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía é o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Cofecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Brión recoñezo que o noso compromiso esixe:

1. Un liderado político forte:
 - Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
 - Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas.
2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.
3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados.
 - O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
 - O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.
5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.
6. Revisar periodicamente as nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu José Luís García García alcalde desta Corporación, comprométome a:

1. Reducir as emisións de CO₂ no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.
7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

Polo anteriormente exposto, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Brión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

2º) Facultar á alcaldía a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9), PP (2), BNG (1) e concelleiro non adscrito (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ORZAMENTO DE 2019 E CADRO DE PERSOAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 07.03.2019, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá (Comisión Especial de Contas do Concello), en sesión do 12.03.2019, que transcrita di:

Confeccionado o orzamento xeral do Concello correspondente ao exercicio económico 2019 así como as súas bases de execución e cadro persoal, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e visto o informe de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o orzamento xeral do Concello de Brión correspondente ao exercicio económico 2019, xunto coas bases de execución, cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2019
Capítulo 1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.871.426,02
Capítulo 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	43.134,28
Capítulo 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.217.485,33
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.653.713,25
Capítulo 5	INGRESOS PATRIMONIAIES	2.679,32
Capítulo 6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓN	0,00
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	513.672,76
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o recursos		6.302.110,96
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>		<i>5.788.438,20</i>
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>		<i>513.672,76</i>
OPERACIÓNS FINANCEIRAS		24.000,00
TOTAL		6.326.110,96

ESTADO DE GASTOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	2019
Capítulo 1	GASTOS DE PERSOAL	2.231.842,49
Capítulo 2	GASTOS BENS CORRENTES/SERVICIOS	2.588.847,61
Capítulo 3	GASTOS FINANCEIROS	5.000,00
Capítulo 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	617.110,21
Capítulo 5	FONDO DE CONTIGENCIA Y OTROS IMPREV.	
Capítulo 6	INVERSIÓN REAIS	859.310,65
Capítulo 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
Capítulo 8	ACTIVOS FINANCEIROS	24.000,00
Capítulo 9	PASIVOS FINANCIEROS	
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS o empregos		6.302.110,97
<i>OPERACIÓNS CORRENTES</i>		<i>5.442.800,32</i>
<i>OPERACIÓNS DE CAPITAL</i>		<i>859.310,65</i>

	5
OPERACIÓNS FINANCEIRAS	24.000,00
TOTAL	6.326.110,96

2º) Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, reservados o persoal funcionario, persoal laboral e eventual.

3º) Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2019, as bases de execución e o cadro de persoal aprobados, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

4º) Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que xa dixen onte que sentín non telo presentado antes pero as circunstancias do cambio da interventora, que non é de Galicia e non coñece o programa, fixeron que se retrasase, se ben quero agradecer o esforzo feito.

O orzamento se lles enviou o pasado xoves á última hora da mañá e hoxe é mércores, tamén última hora da mañá, tivemos a comisión informativa e houbo bastantes queixas de que se precisa máis tempo, pero resulta urxente tramitalo para a súa aplicación o máis rápido posible. Teñen toda a documentación e penso que debería merecer a aprobación polo Pleno polos seguintes motivos: non hai incremento de impostos, non leva débeda e é un orzamento eminentemente social subindo neste apartado un 33%, así por exemplo, de 15.000 horas para axuda a domicilio se pasa a 19.800 horas, o que supón un incremento de 4.800 horas ao ano; faise unha aposta polo emprego porque está a facerse un procedemento de selección agora mesmo para dez persoas con cargo a fondos propios, e proximamente se contratarán seis persoas máis con cargo ao PEL da Deputación; as bases de execución son as mesmas do ano pasado e está previsto adxudicar con cargo ao remanente de tesourería de 2018 unha obra de 600.000 euros de mellora de camiños; se prevé unha obra de 300.000 euros de seguridade viaria e si se contabilizaran estas dúas obras suporía un incremento moi importante con respecto ao ano pasado. Engade que tamén se fará unha obra do IDAE cofinanciada con fondos FEDER de 250.000 euros, da que chegou a concesión da subvención hai uns días, para renovación das instalacións de alumeado público.

No orzamento vai unha partida do 50% para comprar a parcela do auditorio con cargo a fondos propios, que o ano pasado estaba vinculada ao ingreso por venda de patrimonio dunha parcela que ao final quedou deserta a licitación; van as partidas para o espazo colaborativo que neste ano entrará en funcionamento con importante creación de postos de traballo.

Estase contratando a obra de camiños de 600.000 euros con cargo ao remanente, pendente só da liquidación do orzamento de 2018, e co avance da liquidación segundo as nosas contas o remanente de tesourería pode superar os 4.000.000 de euros e o resultado orzamentario 1.500.000 euros de superávit e con ese superávit poderá facerse o que diga a Lei de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra norma que aprobe o Estado.

Remata o Sr. Alcalde sinalando que penso que merecen a aprobación pero nas vosas mans está.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que ímonos abster, que sempre pedimos máis tempo, mínimo unha semana, e que sendo un Pleno extraordinario podía poñerse máis tarde e remata sinalando que non podemos facer unha valoración porque non tivemos tempo.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que comparto o dito respecto do tempo polo compañeiro, é o conto de sempre; vostede pide a aprobación por todos pero non hai propostas nosas porque vostede non nos chama, non hai consenso ningún; non hai grandes cambios con respecto ao ano pasado e o Concello nos últimos anos, desde o 80 para adiante, non alcanzou a expansión que puido alcanzar coa expansión de Compostela.

Do orzamento destaco dúas cuestións que tamén non son novas: que o 76% son para gastos de persoal e que segundo o informe de intervención a plantilla de persoal existente non responde aos principios de economía e eficiencia recollidos na lei, e que habería que facer unha oferta pública de emprego ou amortizalos, o eterno problema do emprego, se contrata so para determinadas cousas e hai departamentos como na policía local no que se necesita máis

persoal e por este motivo a seguridade é insuficiente.

Respecto do asunto dos investimentos reais este ano baixaron con respecto ao 2018, aparte de que figuran no anexo de investimentos algunhas actuacións que segundo a miña opinión deberían ir en gastos correntes, porque parecen mero mantemento; todo isto a min me obriga a votar en contra, porque non está dialogado e non é o orzamento que corresponde ao Concello de Brión.

O Sr. Alcalde sinala que as mesmas palabras de todos os anos, e xa que fala vostede de que non houbo consenso teño que dicir que tampouco esta alcaldía tivo ningunha demanda, e a obriga do grupo de goberno é facer o orzamento e iso de que vai na liña doutros orzamentos por suposto, que o Concello leva un camiño bastante bo, porque é o único de Galicia con auga e saneamento en todos os núcleos de poboación, fixemos un instituto, piscina cuberta, nova casa do Concello, o estado do viario é para sentirmos orgullosos, e a oferta cultural e deportiva é para estar orgullosos tamén, o servizo da escola de música é moi importante e ten unha gran demanda, e estamos contratando persoal, non incrementando o persoal, para facer actuacións necesarias que ten que facer o Concello; respecto dos investimentos dicir que temos sen contratar varias obras, que non é que vaxa mal en Brión, é que vai mal en toda a provincia e que o 22 deste mes o PEL dixital comezará a formar ao persoal da provincia en materias como contratación, e unha das obras que vai aí multiplica a inversión do ano pasado, penso que é un bo orzamento aínda que acepto as consideracións de todo o mundo.

O Sr. Concelleiro García Arcos sinala que nós apoiamos por coherencia o orzamento porque xa o fixemos o ano pasado e este ano non hai grandes variacións.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (9) e PP (2).

Votos en contra: 1, pertencente ao concelleiro non adscrito (1).

Abstencións: 1, pertencente ao grupo municipal do BNG (1).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta e dous minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González